



**Incorporación de Remanentes 2-R/21(11/21)**  
**Expte. Cividas: 2021007543**  
**IR – 2R/2021**

## **DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Vista a providencia do Concelleiro delegado de Comercio de data 12/02/2021 e a providencia do Concelleiro delegado de Facenda da mesma data.

Visto o Oficio do Xefe do Órgano de Xestión Económico e Orzamentaria (ref 16/2021) de data 04/04/2021.

Vista, así mesmo, a providencia do Concelleiro delegado de Facenda de data 26/05/2021.

Visto o informe proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (ref.: JFC/037/2021), do 31/05/2021, refrendado polo Sr. Concelleiro delegado de Facenda, elaborado segundo o recollido da providencia anterior, en relación co expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da **"Incorporación de Remanentes"**.

Visto o informe emitido pola Intervención Municipal (ref.: 02R/21), o 18/06/2021, no que se conclúe: *"A proposta de resolución remitida fiscalízase de disconformidade por incorporar remanentes de crédito que non son susceptibles de incorporación por financiarse con recursos xerais e terse incorporados estes remanentes previamente ao exercicio do 2020.*

*Ademais, atendendo a proposta de liquidación en concepto de reintegro da subvención recibida do Ministerio de Fomento, o principio de nivelación orzamentaria efectiva, contemplado no artigo 16.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, vese claramente comprometido no seu cumprimento, dado que existen serias dúbidas sobre a efectividade dos recursos que financian a incorporación referenciada".*

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como a base número 17 do Orzamento Municipal vixente, a data da presente,  
**ACORDO:**

**1.- Aprobar o expediente de incorporación de remanentes de crédito número 2-R/2021**, que incrementa os créditos do actual orzamento con remanentes de crédito producidos na execución do orzamento de 2020, financiados con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado e remanente de tesourería para gastos financiados con recursos xerais, por un importe total de catro millóns oitocentos seis mil cincocentos catorce euros con vinte e catro céntimos (4.806.514,24.-€), de acordo co seguinte detalle:



## A) Remanente de crédito que se incorpora

Aplicación orzament. 2020				DESCRIPCIÓN	Remanente a incorporar	Código Proxecto
Aplicación orzament. 2021						
REM	ORG	PROG	ECON			
N	240	4314	62200	Reforma e rehab. da Praza de Abastos núm. 1		
N	240	4314	62200	Reforma e rehab. da Praza de Abastos núm. 1	4.806.514,24 €	16-2-16-01

## B) Recursos que financian a incorporación

### Resumo Fontes de financiamento

Concepto de ingresos	Importe
Subv. Mº Fomento para reforma Praza de Abastos nº 1 (720.40)	2.362.470,20 €
Rmte. de Tesourería para gastos financiados con recursos xerais (870.00)	1.061.925,22 €
Rmte. de Tesourería para gastos con financiamento afectada (870.10)	1.382.118,82€
<b>Total recursos financeiros</b>	<b>4.806.514,24 €</b>

**2.- Contabilizar no exercicio contable 2021 o compromiso de gasto a favor de terceiros xunto coa correspondente fase previa de autorización de gasto, adquirido no exercicio 2020 (fases A e D contables), polos importes e nas aplicacións orzamentarias que se recollen de seguido, para así continuar a tramitación dos expedientes de gasto que estes amparan:**

ORG	PROG	ECON	NOME PARTIDA	Importe	Nº Operación ano 2020	Acordo XGL/ Nome Terceiro	Fase Contable/ CIF Terceiro	Concepto
240	4314	62200	Reforma e rehab. Praza Abastos núm. 1	4.183.892,50 €	202000036312	Acordo XGL 21/11/2019 /Acciona Construcción, S.A.	FASE D / A81638108	REFORMA E RE- HABILITACIÓN PRAZA ABASTOS NÚM. 1

**3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal, aos efectos contables oportunos.**

**4.- Dar traslado aos Servizos con aplicacións orzamentarias afectadas pola presente modificación orzamentaria.**

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

